**Programa**

**7 DE NOVEMBRO. MUSEO DO MAR DE GALICIA**
09:15 a 09:45 h
Recepción dos participantes
09:45 a 10:00 h
Presentación. Delegado da Área de Patrimonio Histórico do Concello de Vigo

10:00 a 11:45 h
"As relacións transfronteirizas entre Portugal e Galiza"
*Paula Godinho (Universidade Nova de Lisboa)*

Pausa-Café

12:15-14:00 h
"Novas identidades culturais na Galiza. O caso dos caboverdianos da Mariña lucense".
*Luzía Oca (Universidade de Trás-os-Montes e Alto Douro)*

**13 DE NOVEMBRO. CAT CENTRO DE ARTESANÍA TRADICIONAL DE VIGO**
16:30-18:15 h
Obradoiro "Cen anos de oficio nun cesteiro de orixen portugués"
*Antonio Suárez Davila (Cesteiro. Coordinador do programa formativo de cestería do CAT).*

Pausa-Café

18:45-20:30 h
"A colección de oficios tradicionais do CAT"
*Andrea Alonso Simoes (Técnica de dinamización cultural do CAT)*
Proxección do documental "Os cestos do mar de Vigo"

**14 DE NOVEMBRO. MUSEO DO MAR DE GALICIA**
10:00 a 11:45 h
"Historia de dúas cidades: a memoria social na Galicia urbana"
*José María Cardesín (Universidade da Coruña)*

Pausa-Café

12:15-14:00 h
"Que caminhos corre a cultura?"
*António Medeiros (ISCTE-Lisboa)*

**21 DE NOVEMBRO. MUSEO DO MAR DE GALICIA**
10:00 a 11:45 h
"Envellecemento poboacional, flexibilización familiar e regulación pesqueira. Flexibilidade nas formas de propiedade dos medios de produción nun lugar do noroeste galego"
*Henrique Alonso Población. Universidade da Coruña.*

Pausa-Café

12:15-14:00 h
"Urbanismos e globalização no noroeste peninsular. Para além do urbanismo difuso"
*Paulo Castro Seixas. Universidade Fernando Pessoa*

**28 DE NOVEMBRO. MUSEO DO MAR DE GALICIA**
10:00 a 11:45 h
"Patrimonialización e mobilidade posmoderna: a reconfiguración da peregrinación xacobea"
*Nieves Herrero. Universidade de Santiago de Compostela*

Pausa-Café

12:15-14:00 h
Não são gigantes... mas são muitos. A multiplicação das iniciativas de preservação dos moinhos vista no âmbito da questão do "património"
*Jean Yves Durand. Universidade do Minho.*

**BOLETÍN DE INSCRICIÓN**

Apelidos e nome:

DNI:

Enderezo:

Localidade:

CP:

Profesión:

Facultade:

Contacto (tf. e e-mail):

Opta ao crédito de libre configuración por 20 horas lectivas: ☐SI ☐NON
Solicita certificado de asistencia por 16 horas lectivas: ☐SI ☐NON

Organiza

CAT CENTRO DE ARTESANÍA TRADICIONAL DE VIGO
Concellería de Patrimonio Histórico Concello de Vigo

Colabora

**IV SEMINARIO GALEGO DE ETNOGRAFÍA**

# Galegos e Portugueses:
## Miradas antropolóxicas cruzadas

Museo do Mar de Galicia
CAT Centro de Artesanía Tradicional de Vigo

*Vigo, 7-13-14-21-28 de novembro de 2009*

**Curriculum**

RELATORES

**Antonio Medeiros** é profesor titular de antropoloxía do Instituto Superior de Ciências do Trabalho e da Empresa (Lisboa). Fixo traballo de campo na Galiza e no Norte de Portugal. A súa obra máis coñecida é: Dois lados de um rio (Lisboa: ICS).

**José María Cardesín** é profesor titular da Universidade da Coruña. Fixo traballo de campo na Terra Chá lucense resultado do cal é a obra *"Tierra, trabajo y reproducción social en una aldea gallega"* (Madrid: Ministerio de Agricultura). Desde hai varios anos estuda o urbanismo social de Ferrol, polo que recibiu un premio da revista Urban History.

**Paulo Castro Seixas** é profesor titular de antropoloxía da Universidade Fernando Pessoa (Porto). Fixo traballo de campo na cidade do Porto e en Timor Leste. A súa última obra é: *"Entre Manchester e Los Angeles. Ilhas e Novos Condomínios no Porto"* (Porto: Universidade Fernando Pessoa).

**Nieves Herrero** é profesora titular de antropoloxía da Universidade de Santiago de Compostela. É unha especialista en patrimonio cultural. Ten publicado obras como *"As Encrobas, unha memoria expropiada"* (Iria Flavia: Novo Século). Actualmente traballa sobre os procesos de patrimonialización do Camiño de Santiago.

**Jean Yves-Durand** é profesor titular de antropoloxía da Universidade do Minho. É un especialista en patrimonio cultural e artesanato. Entre as súas obras destacamos *"Vila Verde: Uma Etnografia no Presente"* (Vila Verde: Câmara Municipal), e os "lenços de namorados". Frentes e versos de um produto artesanal no tempo da sua certificação, 2006, CM Vila Verde e CCDRN.

**Enrique Alonso Población** é licenciado en Socioloxía e DEA en Antropoloxía social pola Universidade da Coruña, onde actualmente realiza a súa tese doutoral. Foi técnico de Igualdade no Concello de Laxe e nos últimos anos traballou consultor e investigador en colaboración con diversas empresas. Na actualidade traballa como investigador independente e en conxunción con ALGA (Asociación Luso-Galega de Antropoloxía Aplicada).

**Paula Godinho** é profesora titular de antropoloxía da Universidade Nova de Lisboa. Desenvolveu traballo de campo durante máis de 20 anos sobre a fronteira luso-española. Foi premio Taboada Chivite 2008 pola súa obra *"Ouvir cantar o galo duas vezes"*. Entre a súa extensa obra destacamos *"O Leito e as Margens. Estratégias familiares de renovação e situações liminares em seis aldeias do Alto Trás-os-Montes raiano* (1880-1988) (Lisboa: Edições Colibri)

**Luzía Oca** é profesora de antropoloxía da Universidade de Trás-os-Montes e Alto Douro. Fixo traballo de campo sobre as migracións caboverdianas na Galiza e en Cabo Verde. É unha especialista en antropoloxía aplicada, migracións e cooperación ao desenvolvemento.

COORDINADORES
XERARDO PEREIRO PÉREZ
UTAD, Universidade de Trás-os-Montes e Alto Douro
Doutor europeo en antropoloxía sociocultural pola Universidade de Santiago de Compostela.

NIEVES HERRERO
Universidade de Santiago de Compostela
Profesora titular de Antropoloxía Social na Universidade de Santiago de Compostela.

SANTIAGO PRADO CONDE
Museo Etnolóxico. Ribadavia (Ourense)
Doutor en Antropoloxía Social e Cultural. Universitat Autònoma de Barcelona (UAB), 2006.

O Seminario Galego de Etnografía é unha das actividades formativas que organiza anualmente o CAT dende 2006 dentro do seu programa de protección, recuperación e difusión do patrimonio etnográfico galego.

Para esta IV edición, cun formato de conferencias, 8 antropólogos de Galicia e Portugal achegarán aos participantes os seus traballos de investigación sobre as pluralidades das identidades e identificacións galegas e portuguesas. A proposta ten como base a experiencia de cooperación en rede entre as universidades galegas e do Norte de Portugal nas cales a antropoloxía ten un papel fundamental no ensino e na investigación.

O seminario quere continuar a construír un xogo de espellos reflexivos que nos axude a entender mellor quen somos e a onde vamos. As relacións transfronterizas e as transnacionais entre a Galiza e Portugal son unha realidade histórica sobre a que convén pensar antropolóxicamente. A situación de Vigo neste contexto é de liderazgo nas relacións co Norte de Portugal, o que fai da cidade un ambiente humano moi interesado en coñecer o traballo que os antropólogos fixeran e están a facer neste sentido.

Paralelamente, como experiencia práctica desas relacións seculares, os participantes poderán contar cun exemplo de carácter antropolóxico. O único cesteiro en activo da cidade, terceira xeración dunha tradición secular con moitas conexións entre Galicia e Portugal, mostrará en vivo a través dun obradoiro todo o saber tradicional dunha familia de cesteiros de orixen portugués instalados en Vigo dende 1905. Asimesmo, o CAT, introducirá aos participantes no universo dos obxectos creados polos artesáns de Galicia mediante unha visita guiada as coleccións de oficios tradicionais do CAT e coa proxección do documental "Os cestos de mar de Vigo".

**Eudosio Álvarez Álvarez**
*Delegado da Área de Patrimonio Histórico*

**Xerardo Pereiro Pérez**
*Coordinador do ciclo*

**INFORMACIÓN XERAL**
O Seminario **é gratuíto.**
O número de prazas está limitado a 100, e 50 delas están reservadas para estudiantes universitarios. Senón se cubrisen as mesmas, quedarán abertas para todo o público.
O prazo de inscrición remata o día 5 **de novembro.**
Dado que as prazas para participar no seminario son limitadas, será necesario inscribirse previamente, establecéndose unha rigorosa orde de entrada das solicitudes.
A inscrición farase cubrindo os datos do boletín, remitíndoo ao **CAT Centro de Artesanía Tradicional de Vigo / Rúa Subida ao Castelo /10 36202 VIGO**, por fax ao número **986 224 003**, ou a través da WEB
**www.vigo.org/artesania**

Emitirase dous tipos de certificados: 1 por 16 horas lectivas para público en xeral; e outro, de 20 horas lectivas, para os estudiantes universitarios das Facultades de Ciencias da Educación de Ourense e Pontevedra e a de Historia de Ourense, que contará co recoñecemento de 1 crédito de libre configuración pola Universidade de Vigo.
A actividade do día 13 está só reservada para os estudantes universitarios para a obtención do crédito de libre configuración.
Máis información nos tf. **986 227 424 / 986 220 758 de 10 a 14 h de luns a venres e na www.vigo.org/artesania.**
Os participantes no Seminario terán a súa disposición un menú especial de 12€ no Restaurante O Croque, situado no Museo do Mar de Galicia (Av. Atlántida, 160. Vigo)